



CONCELLO DE CHANREXA DE QUEIXA

Anuncio de nomeamento de persoal laboral fixo.

Faise público que por Resolución da Alcaldía nº 147, do 21 de novembro de 2005, se nomea auxiliar de información xuvenil e animación sociocultural do Concello de Chandrexa de Queixa (Ourense), persoal laboral fixo, a María del Carmen Yáñez Vasallo, con DNI número 76703658-S.

Chandrexa de Queixa, 19 de abril de 2007.

Francisco Rodríguez Rodríguez
Alcalde

CONCELLO DA CORUÑA

Anuncio (MPP-1/2006).

O Pleno do Concello, na sesión que realizou o día 11 de setembro de 2006, acordou:

«Primeiro.-Aprobar definitivamente a modificación puntual do Plan parcial do sector de solo urbanizable S-6 Parque de Eirís nas parcelas 22 a 27 e 32 e 35 do proxecto de reparcelación, promovida pola entidade *Conjuntos Residenciales Santa Cristina, S.A.*, conforme a documentación presentada no rexistro inmunicipal o 14 de febreiro de 2006, consistente en documento con memoria xustificativa, regulamento, seis planos e anexo xustificativo de propiedade.

Segundo.-Ordenar o cumprimento dos trámites administrativos recollidos nos artigos 92.2º e 92.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para procurar a entrada en vigor da modificación puntual.

Terceiro.-Notificar este acordo aos propietarios afectados, xuntando solicitude ao promotor de tres exemplares máis do documento de modificación puntual que se somete á aprobación do Pleno Municipal.

Cuarto.-Dilixenciar co selo de aprobación definitiva os dous documentos de modificación puntual do plan parcial presentados polo promotor o 14 de febreiro de 2006.

Quinto.-Notificar este acordo ás seccións municipais de licenzas e disciplina urbanística e de xestión do solo, remitíndolle a esta última a proposta de modificación puntual do proxecto de reparcelación instada por *Conjuntos Residenciales Santa Cristina, S.A.* o 14 de febreiro de 2006 para proceder ao seu estudo e, de ser o caso, tramitación e aprobación».

Este acordo pon fin á vía administrativa, polo que se pode interpor contra el recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquél en que

se practique a súa notificación ou a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* ou no BOP, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, seu prexuízo de calquera outro que se considere perlinente.

A documentación exixida polo artigo 92.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, tivo entrada na Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o 17 de abril de 2007.

Os gastos desta publicación serán por conta do promotor da modificación.

A Coruña, 18 de abril de 2007.

Alfredo Cerezales Fernández
Director da Área de Urbanismo e Rehabilitación

CONCELLO DE FERROL

Anuncio do 24 de abril de 2007, do Instituto Municipal de Facenda, sobre provisión de prazas.

No BOP número 85, con data do 14 de abril de 2007, aparecen publicadas as bases específicas reguladoras da convocatoria para a provisión en propiedade de dúas prazas de técnico de administración xeral do Instituto Municipal de Facenda do Concello de Ferrol.

A presentación de solicitudes para participar nesta convocatoria farase no rexistro xeral do concello, durante o prazo de vinte días naturais que comezarán a contar a partir do día seguinte ao da publicación do extracto do anuncio desta convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 24 de abril de 2007.

Juan M. Juncal Rodríguez
Alcalde-presidente

CONCELLO DE MARÍN

Anuncio de adxudicación de contrato de obra.

1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Concello de Marín.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.

c) Número de expediente: 592/06-0.